

■ Entrevista a Carlos Bravo, secretario confederal de Protección Social e Políticas Públicas de CCOO

# «Cantas máis persoas defendan unha cousa, adoita ser máis difícil cambiala unilateralmente»

Carlos Bravo, secretario confederal de Protección Social e Políticas Públicas de CCOO, é un dos maiores especialistas no Estado no referente ao sistema público de pensións. Conversamos con el sobre o proxecto de reforma do Goberno central e preguntamos polas alternativas que formula o sindicato nesta materia.

**O Goberno presentou un proxecto de lei que reforma o chamado «factor de sustentabilidade» e establece unha nova fórmula para revalorizar as pensións. A pesar dos discursos alarmistas, está realmente en perigo o sistema de pensións en España?**

O sistema público de pensións non está na situación de perigo que se quere presentar con demasiada frecuencia. É certo que actualmente nos atopamos nunha situación difícil, pero como consecuencia da destrución de 3,6 millóns de empregos por mor da crise e da política económica de austeridade. Con todo, o sistema de pensións pode afrontar tanto este reto conxuntural —aínda que prolongado no tempo— como os que no futuro próximo haberá, e para os que nos vimos preparando desde hai anos. De feito, haberao que seguir facendo, pois teremos un número crecente de pensións durante as tres próximas décadas. Xa o fixemos no pasado respondendo con éxito a outros desafíos. A clave está en procurar respostas desde o acordo político e social amplo.

**Quen defende a reforma exposta polo Executivo central parece querer confundir os dous retos coma se en realidade fosen o mesmo. Cales son os verdadeiros retos do sistema de pensións?**

Temos dous retos fundamentais que esixen medidas diferenciadas, pero para as que hai opcións diferentes dos recortes expostos polo Goberno. Isto é importante. En ocasións preténdese negar a descrición da situación como forma de rexeitar as propostas do Executivo, e é un erro. Para manter algo tan importante como o noso sistema de pensións, cómpre coñecer e recoñecer o que está pasando e, despois, centrarse nas alternativas.

O primeiro reto da seguridade social é conxuntural, pero non por iso menor. A súa gravidade está en relación directa coa duración da crise en materia de emprego, é dicir, vinculado a canto tempo se manteñan taxas de desemprego inaceptables como as actuais. Trátase do déficit que presenta o noso sistema de seguridade social como consecuencia da destrución de empre-



go e a caída de ingresos pola crise económica, amais da equivocada política económica de austeridade sen concesións. Desde 2007 destruíronse máis de 3,6 millóns de empregos. Cada millón de persoas que deixa de cotizar representa, de media, unha perda de ingresos no sistema de 5.000 millóns por ano. Isto esixe actuacións a curto e medio prazo orientadas a mellorar ingresos, pero non unha reforma estrutural como a que presentou o Goberno, cuxo obxectivo e resultado previsible é unha perda de

poder adquisitivo dos pensionistas actuais e futuros.

O segundo reto é máis estrutural. Trátase da chegada á xubilación nas próximas tres décadas das xeracións máis numerosas da historia de España, o chamado *baby-boom*. É unha situación coñecida e previsible que fará que a mediados de século o número de pensionistas alcance os quince millóns. Isto require actuacións anticipadas como as que vimos acometendo desde hai vinte anos no marco do Pacto de Toledo. Ademais, debemos seguir actuando no medio e longo prazo.

Por certo, esta situación non durará para sempre, e despois dos efectos do *baby-boom* o sistema volverá a unha situación de equilibrio demográfico.

### Daquela, é inevitable facer recortes?

Non é certo que a sustentabilidade do sistema público só poida asegurarse mediante recortes, actuando sobre a redución do gasto. En realidade, tamén se pode optar por actuar sobre os ingresos ou sobre diferentes variables de forma coordinada. Sempre hai máis dunha alternativa.

Neste caso, ante as propostas do Executivo —centradas en reducir o gasto en pensións e a prestación media de pensionistas actuais e futuros—, desde CCOO quixemos presentar unha proposta ampla e detallada de medidas alternativas baseadas na mellora de ingresos. Cremos que é unha forma moi gráfica de salientar que, coma sempre, as alternativas responden a opcións e modelos diferentes. O noso é manter e reforzar o sistema, abordando de cara os problemas que vai tendo que afrontar.

Expomos medidas de mellora de ingresos que podemos implantar de forma inmediata para que actúen a curto e medio prazo e axuden a resolver o actual déficit conxuntural que presenta o sistema de seguridade social como consecuencia da destrución de emprego. E tamén medidas máis estruturais de mellora de ingresos, para implantar de forma progresiva e que actúan a medio e longo prazo para contribuír a mellorar a estabilidade do sistema nese período, sen ter que recorrer a drásticas medidas de axuste e recorte de prestacións e dereitos tampouco nas xeracións futuras. Trátase de afrontar a situación desde o mantemento do pacto interxeracional subxacente no sistema de pensións.

### Cales son as medidas concretas que propón CCOO para mellorar os ingresos a curto prazo?

Propuxemos un total de oito



medidas de mellora de ingresos. Probablemente, a que teña máis relevancia a curto prazo é unha suba temporal de dous puntos da cotización nas continxencias comúns —as que financian as pensións—, repartindo este esforzo entre empresarios, traballadores con emprego e o propio Estado. O incremento de dous puntos porcentuais suporá ingresos adicionais entre 6.000 e 7.000 millóns de euros ao ano (0,67% do PIB). Este aumento de cotizacións manteríase pola contía e o tempo que esixise a actual conxuntura de déficit.

Tamén propomos que os orzamentos asuman tanto os gastos de xestión da seguridade social, como as bonificacións á contratación, en lugar de pagarse con cotizacións como ocorre ata agora. Estas dúas medidas máis o incremento de cotizacións proposto supoñen ingresos netos anuais por 9.000 ou 10.000 millóns de euros.

En liña co pactado en 2011, debe manterse o incremento das bases máximas de cotización e das cotizacións de autónomos, amais de incrementar as bases mínimas en liña coa necesaria

suba do salario mínimo interprofesional. Estas medidas incrementan os ingresos actuais, e tamén o gasto futuro, pois teñen efectos evidentes na mellora da protección social, neste caso das pensións futuras.

### E a longo prazo?

Hai dúas medidas relacionadas, unha xeral e outra específica do sistema de pensións. A segunda refírese a asumir desde os orzamentos do Estado, de forma progresiva no tempo (25 anos), o custo das prestacións derivadas de falecemento. Non propomos acometer agora unha negociación sobre o seu réxime xurídico, que seguirá sendo obxecto de discusión en futuras reformas. Trátase de expor que, nunha sociedade que cambia en relación coa participación de homes e mulleres no mercado de traballo e nunha conxuntura como a actual, é razoable abordar se estas prestacións deben pagarse desde as cotizacións ou os impostos.

O impacto desta medida é moi relevante: aproximadamente a metade do esforzo que nos queda por facer para chegarmos á media da UE-15 canto a gasto

en pensións en relación co PIB. Isto debería abondar para garantir niveis de prestacións comparables aos actuais mesmo ás xeracións máis numerosas da historia de España —as persoas nadas entre finais dos cincuenta e finais dos setenta do século pasado, o *baby-boom* do que falei antes.

Esta é unha medida estrutural, de forte impacto, como o foi en 1996 separar as fontes de financiamento e levar o gasto sanitario ou de servizos sociais aos orzamentos. Para todo iso, necesitamos un Estado con capacidade suficiente e acabar coa anomalía que supón que os ingresos fiscais en España sexan, en relación co PIB, case dez puntos porcentuais inferiores aos dos países do noso ámbito, o que significa uns 100.000 millóns de euros menos de ingresos fiscais anuais. Isto trae como consecuencia que o noso gasto público sexa entre 6 e 7 puntos porcentuais inferior. Esta maior capacidade é necesaria para reforzar a capacidade de intervención do Estado, no mellor sentido da expresión: medidas de estímulo á economía, fomento de políticas activas de emprego e

reforzo dos sistemas de protección social; non só os existentes, senón tamén os novos que precisamos para cubrir baleiros de cobertura, como é o caso da proposta de creación dun sistema de rendas mínimas garantidas en todo o Estado.

Esta capacidade debe obterse a través da reforma estrutural máis importante que precisa España e que aínda non se acometeu: a reforma fiscal. O Goberno anuncia para a primavera próxima, pero a nosa inquietude é que acabe sendo unha reforma máis para a conxuntura, neste caso para a conxuntura electoral que se abre coas próximas eleccións europeas, e durará dous anos.

Esta reforma é da máxima importancia. En CCOO estamos a actualizar as propostas que en materia fiscal xa fixemos en 2011, e tentaremos facerlas ver a todo o mundo, incluído, loxicamente, o Executivo.

**A proposta do Goberno de España parece ir noutra dirección. Que efectos terá?**

A proposta do Goberno limítase a establecer dous instrumentos: o factor de sustentabilidade e o índice de revalorización de pensións. Céntrase exclusivamente nun axuste do gasto, esquecendo calquera medida de mellora de ingresos que puidese reforzar a sustentabilidade do sistema.

Tomando como base un cálculo inicial de impacto realizado por CCOO, utilizando datos e previsións oficiais, as reformas presentadas polo Goberno, e poñelas en marcha tal cal se presentaron, suporá unha perda de poder adquisitivo das pensións de entre un 14% —escenario medio e talvez demasiado prudente— ata un máximo do 28,3% —no peor escenario posible—, durante os próximos quince anos.

O Goberno debe retirar a súa proposta de revalorización de pensións e, no que atinxe ao factor de sustentabilidade vinculado á evolución da esperanza de vida,

## Estamos a actualizar as propostas que en materia fiscal xa fixemos en 2011 e enviáramos ao Goberno

utilizar como referencia o establecido na reforma pactada de 2011, con medidas que actúen de forma equilibrada sobre os ingresos e os gastos, discutindo a súa concreción no marco do Pacto de Toledo.

**Como comentas, o efecto máis claro da reforma parece estar nun recorte das pensións, igual que se fixo coas prestacións de desemprego, os salarios, a calidade dos servizos públicos... As reformas do PP están usando a crise como excusa, pero perseguen unha formulación ideolóxica bastante clara e de alcance global.**

O PP ten o obxectivo declarado de conseguir unha desvalorización interna, que neste caso consiste en sermos máis competitivos mediante unha rebaixa de prezos lograda a base de baixar salarios e protección social. Realmente, o que se está forxando son as bases para un cambio de modelo social.

O estado do benestar debe sosterse sobre a lóxica do emprego de calidade, capaz de asegurar salarios suficientes cos que se pagan as cotizacións sociais que financian as pensións e unha parte importante dos impostos que serven para garantir os servizos públicos. Posto que o emprego de calidade é a peza fundamental, sobre el céntranse todas as reformas.

Primeiro atacouse o marco de relacións laborais cunha reforma que facilitou o despedimento, li-

## Podemos e debemos parar estas reformas. O día 23 de novembro temos a primeira cita para isto

mitou a negociación colectiva e incrementou o poder do empresario para modificar e impor as condicións de traballo. A campaña antisindical, por máis que se alimente parcialmente de asuntos que temos que corrixir, tamén ten un papel no obxectivo de debilitar a capacidade de defensa dos dereitos sociais das persoas. Despois, atacouse gravemente a protección do desemprego, recortándoa con cinco reformas consecutivas. O obxectivo de todo iso é estender o medo ao despedimento e facilitar unha rebaixa de condicións laborais xeneralizada nas empresas, especialmente dos salarios. En paralelo, redúcese o financiamento e aféctase a calidade dos servizos públicos básicos, o que pode xerar que o cidadán medio sinta distancia e desafecto por eles.

As pensións, ata o de agora, víronse relativamente menos atanguidas por esta liña de reformas. A causa é que neste ámbito soubemos desenvolver desde 1995 unha rede de compromisos compartidos arredor da súa defensa no marco do Pacto de Toledo. Canta máis xente defende unha cousa, adoita ser máis difícil cambiala unilateralmente. Con todo, as pensións tamén están na axenda do Goberno.

A orientación de todas as reformas dirixese a substituír o actual modelo social, baseado en valores de solidariedade e responsabilidade colectiva que permiten o

estado do benestar e as súas políticas públicas, por outro diferente e máis inxusto fundamentado na idea da capacidade individual.

**Daquela, podemos parar estas reformas?**

Debemos e podemos paralas. Como xa dixen, canta máis xente defenda unha idea, máis difícil será acabar con ela. A primeira clave está na mobilización sostida que permita evitar ou limitar o alcance dunhas reformas realizadas nun contexto de maioría absoluta como o actual, e, en todo caso, revertelas no curto prazo.

A mobilización debe articularse atendendo ás reformas globalmente, como o ataque ao estado do benestar, e nela debemos comprometer o máximo número de persoas e colectivos sociais. Xunto a iso, traballamos activamente para acreditar e reforzar o illamento do Goberno nesta materia. Todos os grupos parlamentarios rexeitaron a reforma de pensións e, aínda que o primeiro obxectivo é evitar esta reforma agora, pedímoslles que comprometan a súa reversión e corrección canto antes, se chega a ser aprobada. Fixérono as principais forzas políticas, agradécémolo e recoñécémolo, pero hei de dicir que, chegado o caso, seremos tamén esixentes en lembrar este compromiso.

O Goberno comete o erro de colocar un dos elementos básicos de consenso do Pacto de Toledo, o mantemento do poder adquisitivo das pensións, no centro do debate político, que precisamente é unha das cuestións que pretendía evitar o pacto. Saben que isto ten un custo evidente para os pensionistas. Deben saber que tamén o ten para quen adopta esta decisión, en termos de custo político e social.

O 23 de novembro temos a primeira cita para iso nas mobilizacións que se levarán a cabo en todas as cidades do Estado.